

# I. Disposicións xerais

## XEFATURA DO ESTADO

**18915** REAL DECRETO LEI 14/1999, do 17 de setembro, sobre sinatura electrónica. («BOE» 224, do 18-9-1999.)

Na sesión do Consello de Ministros de Telecomunicacións da Unión Europea, do 22 de abril de 1999, emitiuse informe favorable sobre a adopción dunha posición común, respecto do proxecto de Directiva do Parlamento Europeo e do Consello pola que se establece un marco común para a sinatura electrónica.

O Estado español tivo unha participación activa no logro da posición común que facilita a tramitación do texto, ó recoller este os elementos suficientes para protexer-la seguridade e a integridade das comunicacións telemáticas nas que se empregue a sinatura electrónica. Neste sentido, existen xa en España diversas normas sobre a presentación da declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas por medios telemáticos, dadas pola Administración tributaria. A Comisión Nacional do Mercado de Valores, pola súa banda, aprobou e puxo en marcha un sistema de cifrado e sinatura electrónica que se emprega para a recepción de información das entidades supervisadas. Así mesmo, o artigo 81 da Lei 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e de orde social, anuncia a posibilidade de que a Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda preste os servizos técnicos e administrativos necesarios para garanti-la seguridade, a validez e a eficacia da emisión e recepción de comunicacións, a través de técnicas e medios electrónicos, informáticos e telemáticos. A Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda actuará en colaboración con Correos e Telégrafos.

No proxecto de directiva incorpórase, por solicitude do Estado español, unha novidade, recollida na alínea c) do anexo II, entre os requisitos esixibles ós prestadores de servizos de certificación que expidan certificados recoñecidos. Esta novidade consiste en permitir que a certificación poida recolle-la data e a hora na que se produce a actuación certificante.

Existe, ademais, en España un sector empresarial que podería prestar un servizo de certificación da sinatura electrónica con suficiente calidade. Considérase que debe introducirse, canto antes, a disciplina que permita utilizar, coa adecuada seguridade xurídica, este medio tecnolóxico que contribúe ó desenvolvemento do que se deu en denominar, na Unión Europea, a sociedade da información. A urxencia da aprobación desta norma deriva, tamén, do desexo de lles dar, ó usuarios dos novos servizos, elementos de confianza nos sistemas, permitindo a súa introducción e rápida difusión.

Por iso, este real decreto lei persegue, respectando o contido da posición común respecto da directiva sobre sinatura electrónica, establecer unha regulación clara do uso desta, atribuíndolle eficacia xurídica e prevendo o réxime aplicable ós prestadores de servizos de certi-

ficación. De igual modo, este real decreto lei determina o rexistro no que se deberán inscribi-los prestadores de servizos de certificación e o réxime de inspección administrativa da súa actividade, regula a expedición e a perda de eficacia dos certificados e tipifica as infraccións e as sancións que se prevén para garanti-lo seu cumprimento.

Esta disposición foi sometida ó procedemento de información en materia de normas e regulamentacións técnicas previsto na Directiva 98/34/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de xuño de 1998, modificada pola Directiva 98/48/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de xullo de 1998, e no Real decreto 1337/1999, do 31 de xullo.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Fomento, da ministra de Xustiza e do ministro de Industria e Enerxía, logo de informe do Consello Xeral do Poder Xudicial e da Axencia de Protección de Datos, trala deliberación do Consello de Ministros, na súa reunión do día 17 de setembro de 1999, e en uso da autorización concedida no artigo 86 da Constitución,

DISPONGO:

TÍTULO I

Disposicións xerais

CAPÍTULO ÚNICO

Disposicións xerais

Artigo 1. *Ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto lei regula o uso da sinatura electrónica, o recoñecemento da súa eficacia xurídica e a prestación ó público de servizos de certificación. As normas sobre esta actividade son de aplicación ós prestadores de servizos establecidos en España.

2. As disposicións contidas neste real decreto lei non alteran as normas relativas á celebración, á formalización, á validez e á eficacia dos contratos e outros actos xurídicos nin ó réxime xurídico aplicable ás obrigas.

As normas sobre a prestación de servizos de certificación de sinatura electrónica que recolle este real decreto lei non substitúen nin modifican as que regulan as funcións que lles corresponde realizar ás persoas facultadas, conforme dereito, para dar fe da sinatura en documentos ou para intervir na súa elevación a públicos.

Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos deste real decreto lei, establécense as seguintes definicións:

a) «Sinatura electrónica»: É o conxunto de datos, en forma electrónica, anexos a outros datos electrónicos

ou asociados funcionalmente con eles, utilizados como medio para identificar formalmente o autor ou os autores do documento que a recolle.

b) «Sinatura electrónica avanzada»: É a sinatura electrónica que permite a identificación do signatario e foi creada por medios que este mantén baixo o seu exclusivo control, de maneira que está vinculada unicamente a el e ós datos ós que se refire, o que permite que sexa detectable calquera modificación ulterior destes.

c) «Signatario»: É a persoa física que conta cun dispositivo de creación de sinatura e que actúa en nome propio ou no dunha persoa física ou xurídica á que representa.

d) «Datos de creación de sinatura»: Son os datos únicos, como códigos ou claves criptográficas privadas, que o signatario utiliza para crea-la sinatura electrónica.

e) «Dispositivo de creación de sinatura»: É un programa ou un aparello informático que serve para aplica-los datos de creación de sinatura.

f) «Dispositivo seguro de creación de sinatura»: É un dispositivo de creación de sinatura que cumpre os requisitos establecidos no artigo 19.

g) «Datos de verificación de sinatura»: Son os datos, como códigos ou claves criptográficas públicas, que se utilizan para verifica-la sinatura electrónica.

h) «Dispositivo de verificación de sinatura»: É un programa ou un aparello informático que serve para aplica-los datos de verificación de sinatura.

i) «Certificado»: É a certificación electrónica que vincula uns datos de verificación de sinatura a un signatario e confirma a súa identidade.

j) «Certificado recoñecido»: É o certificado que contén a información descrita no artigo 8 e é expedido por un prestador de servicios de certificación que cumpre os requisitos enumerados no artigo 12.

k) «Prestador de servicios de certificación»: É a persoa física ou xurídica que expide certificados, e pode prestar, ademais, outros servicios en relación coa sinatura electrónica.

l) «Producto de sinatura electrónica»: É un programa ou un aparello informático ou as súas compoñentes específicas, destinados a ser utilizados para a prestación de servicios de sinatura electrónica polo prestador de servicios de certificación ou para a creación ou verificación de sinatura electrónica.

ll) «Acreditación voluntaria do prestador de servicios de certificación»: Resolución que establece os dereitos e obrigas específicos para a prestación de servicios de certificación e que se dicta, por petición do prestador ó que o beneficie, polo organismo público encargado da súa supervisión.

### Artigo 3. *Efectos xurídicos da sinatura electrónica.*

1. A sinatura electrónica avanzada, sempre que estea baseada nun certificado recoñecido e que fose producida por un dispositivo seguro de creación de sinatura, terá, respecto dos datos consignados en forma electrónica, o mesmo valor xurídico que a sinatura manuscrita en relación cos consignados en papel e será admisible como proba en xuízo, valorándose esta segundo os criterios de apreciación establecidos nas normas procesuais.

Presumirase que a sinatura electrónica avanzada reúne as condicións necesarias para produci-los efectos indicados nesta alínea, cando o certificado recoñecido en que se basee fose expedido por un prestador de servicios de certificación acreditado e o dispositivo seguro de creación de sinatura co que esta se produza se atope certificado, conforme o establecido no artigo 21.

2. Á sinatura electrónica que non reúna tódolos efectos previstos na alínea anterior non se lle negarán efectos xurídicos nin será excluída como proba en xuízo, polo mero feito de presentarse en forma electrónica.

## TÍTULO II

### A prestación de servicios de certificación

#### CAPÍTULO I

##### Principios xerais

#### Artigo 4. *Réxime de libre competencia.*

1. A prestación de servicios de certificación non está suxeita a autorización previa e realízase en réxime de libre competencia, sen que caiba establecer restricións para os servicios de certificación que procedan dalgún dos Estados membros da Unión Europea.

2. A prestación dos servicios de certificación polas administracións ou os organismos ou sociedades dependentes delas realizarase coa debida separación de contas e de conformidade cos principios de obxectividade, transparencia e non-discriminación.

#### Artigo 5. *Emprego da sinatura electrónica polas administracións públicas.*

1. Poderase supeditar pola normativa estatal ou, se é o caso, autonómica o uso da sinatura electrónica no seo das administracións públicas e o seus entes públicos e nas relacións que con calquera deles manteñan os particulares, ás condicións adicionais que se consideren necesarias, para salvagarda-las garantías de cada procedemento.

As condicións adicionais que se establezan poderán incluí-la prestación dun servicio de consignación de data e hora, respecto dos documentos electrónicos integridade nun expediente administrativo. O citado servicio consistirá na acreditación polo prestador de servicios de certificación, ou por un terceiro, da data e hora en que un documento electrónico é enviado polo signatario ou recibido polo destinatario.

As normas estatais que regulen as condicións adicionais sobre o uso da sinatura electrónica ás que se refire esta alínea só poderán facer referencia ás características específicas da aplicación de que se trate e dictaranse por proposta do Ministerio de Administracións Públicas e logo de informe do Consello Superior de Informática.

2. As condicións adicionais ás que se refire a alínea anterior deberán garanti-lo cumprimento do previsto no artigo 45 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, serán obxectivas, razoables e non discriminatorias e non obstaculizarán a prestación de servicios ó cidadán, cando nela interveñan distintas administracións públicas nacionais ou estranxeiras.

3. Poderá someterse a un réxime específico a utilización da sinatura electrónica nas comunicacións que afecten á información clasificada, á seguridade pública ou á defensa. Así mesmo, o ministro de Economía e Facenda, respectando as condicións previstas neste real decreto lei, poderá establecer un réxime normativo destinado a garanti-lo cumprimento das obrigas tributarias, determinando, respecto da xestión dos tributos, a posibilidade de que o signatario sexa unha persoa física ou unha persoa xurídica.

**Artigo 6. *Sistemas de acreditación de prestadores de servicios de certificación e de certificación de productos de sinatura electrónica.***

1. O Goberno, por real decreto, poderá establecer sistemas voluntarios de acreditación dos prestadores de servicios de certificación de sinatura electrónica, determinando, para iso, un réxime que permita logralo adecuado grao de seguridade e protexer, debidamente, os dereitos dos usuarios.

2. As funcións de certificación a que se refire este real decreto lei serán exercidas polos órganos, en cada caso competentes, referidos na Lei 11/1998, do 24 de abril, xeral de telecomunicacións; na Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, e na demais lexislación vixente sobre a materia. O real decreto ó que se refire a alínea 1 establecerá as condicións que permitan coordina-los sistemas de certificación.

3. As normas que regulen os sistemas de acreditación e de certificación deberán ser obxectivas, razoables e non discriminatorias. Tódolos prestadores de servicios que se sometan voluntariamente a eles poderán obter a correspondente acreditación da súa actividade ou, se é o caso, a certificación do produto de sinatura electrónica que empreguen.

4. Os órganos competentes para o exercicio das funcións a que se refire a alínea anterior valorarán os informes técnicos que emitan as entidades de avaliación sobre os prestadores de servicios que solicitasen a súa acreditación ou os produtos para os que se pedise certificación. Tamén tomarán en conta o cumprimento, polo prestador de servicios, dos requisitos que se determinen regulamentariamente para poder ser acreditado.

5. Para os efectos deste real decreto lei, só poderán actuar como entidades de avaliación aquelas que fosen acreditadas polo organismo independente ó que se atribuíse esta facultade polo real decreto ó que se refire a alínea primeira deste artigo.

**Artigo 7. *Rexistro de Prestadores de Servicios de Certificación.***

1. Créase, no Ministerio de Xustiza, o Rexistro de Prestadores de Servicios de Certificación, no que deberán solicita-la súa inscrición, con carácter previo ó inicio da súa actividade, tódolos establecidos en España. A súa regulación desenvolverase por real decreto.

2. A solicitude de inscrición deberá formularse achegando a documentación que se estableza regulamentariamente, para efectos da identificación do prestador de servicios de certificación e de xustificar que este reúne os requisitos necesarios, en cada caso, para exercer-la súa actividade. Tamén será obxecto de inscrición ulterior calquera circunstancia relevante, para efectos deste real decreto lei, relativa ó prestador de servicios de certificación, como a súa acreditación ou estar en condicións de expedir certificados recoñecidos.

A formulación da solicitude de inscrición no Rexistro polos citados prestadores de servicios permitiralles iniciar ou continua-la súa actividade, sen prexuízo da aplicación, se é o caso, do réxime sancionador correspondente.

3. O Rexistro de Prestadores de Servicios de Certificación será público e deberá manter permanentemente actualizada e ó dispor de calquera persoa unha relación dos inscritos, na que figurarán o seu nome ou razón social, o enderezo da súa páxina en Internet ou de correo electrónico, os datos de verificación da súa sinatura electrónica e, se é o caso, a súa condición de acreditado ou de te-la posibilidade de expedir certificados recoñecidos. Na citada relación figurará, tamén, calquera outro dato complementario que se determine por real decreto.

Os datos inscritos no Rexistro poderán ser consultados por vía telemática ou a través da oportuna certificación rexistral. A subministración desta información poderá suxeitarse ó pagamento dunha taxa, da que os elementos esenciais se determinarán por lei.

## CAPÍTULO II

### Certificados

**Artigo 8. *Requisitos para a existencia dun certificado recoñecido.***

1. Os certificados recoñecidos, definidos no artigo 2.j) deste real decreto lei, terán o seguinte contido:

- a) A indicación de que se expiden como tales.
- b) O código identificativo único do certificado.
- c) A identificación do prestador de servicios de certificación que expide o certificado, indicando o seu nome ou razón social, o seu domicilio, o seu enderezo de correo electrónico, o seu número de identificación fiscal e, se é o caso, os seus datos de identificación rexistral.
- d) A sinatura electrónica avanzada do prestador de servicios de certificación que expide o certificado.
- e) A identificación do signatario, polo seu nome e apelidos ou a través dun pseudónimo que conste como tal de maneira inequívoca. Poderase consignar no certificado calquera outra circunstancia persoal do titular, en caso de que sexa significativa en función do fin propio do certificado e sempre que aquel dea o seu consentimento.
- f) Nos supostos de representación, a indicación do documento que acredite as facultades do signatario para actuar en nome da persoa física ou xurídica á que represente.
- g) Os datos de verificación de sinatura que correspondan ós datos de creación de sinatura que se atopen baixo o control do signatario
- h) O comezo e o final do período de validez do certificado.
- i) Os límites de uso do certificado, se se prevén.
- j) Os límites do valor das transaccións para as que pode utilizarse o certificado, se se establecen.

2. A consignación no certificado de calquera outra información relativa ó signatario requirirá o seu consentimento expreso.

**Artigo 9. *Vixencia dos certificados.***

1. Os certificados de sinatura electrónica quedarán sen efecto se concorre algunha das seguintes circunstancias:

- a) Expiración do período de validez do certificado. Tratándose de certificados recoñecidos, este non poderá ser superior a catro anos, contados desde a data en que se expidisen.
- b) Revogación polo signatario, pola persoa física ou xurídica representada por este ou por un terceiro autorizado.
- c) Perda ou inutilización por danos do soporte do certificado.
- d) Utilización indebida por un terceiro.
- e) Resolución xudicial ou administrativa que o ordene.
- f) Falecemento do signatario ou do seu representado, incapacidade sobrevida, total ou parcial, de calquera deles, terminación da representación ou extinción da persoa xurídica representada.
- g) Cesamento na súa actividade do prestador de servicios de certificación salvo que, con previo consen-

timento expreso do signatario, os certificados expedidos por aquel sexan transferidos a outro prestador de servizos.

h) Inexactitudes graves nos datos achegados polo signatario para a obtención do certificado.

2. A perda de eficacia dos certificados, nos supostos de expiración do seu período de validez e de cesamento de actividade do prestador de servizos, terá lugar desde que estas circunstancias se produzan. Nos demais casos, a extinción da eficacia dun certificado terá efectos desde a data en que o prestador de servizos teña coñecemento certo de calquera dos feitos determinantes dela e así o faga constar no seu Rexistro de certificados ó que se refire o artigo 11.e).

3. En calquera dos supostos indicados, o prestador de servizos de certificación terá que publica-la extinción de eficacia do certificado no Rexistro ó que se refire o artigo 11.e), e responderá dos posibles prexuízos que se causen ó signatario ou a terceiros de boa fe, polo atraso na publicación. Corresponderalle ó prestador de servizos a proba de que os terceiros coñecían as circunstancias invalidantes do certificado.

4. O prestador de servizos de certificación poderá suspender, temporalmente, a eficacia dos certificados expedidos, se así o solicita o signatario ou os seus representantes ou o ordena unha autoridade xudicial ou administrativa. A suspensión terá efectos na forma prevista nas dúas alíneas anteriores.

#### Artigo 10. *Equivalencia de certificados.*

Os certificados que os prestadores de servizos de certificación establecidos nun Estado que non sexa membro da Unión Europea, de acordo coa lexislación deste, expidan como recoñecidos, consideraranse equivalentes ós expedidos polos establecidos en España, sempre que se cumpra algunha das seguintes condicións:

a) Que o prestador de servizos reúna os requisitos establecidos na normativa comunitaria sobre sinatura electrónica e fose acreditado, conforme un sistema voluntario establecido nun Estado membro da Unión Europea.

b) Que o certificado estea garantido por un prestador de servizos da Unión Europea que cumpra os requisitos establecidos na normativa comunitaria sobre sinatura electrónica.

c) Que o certificado ou o prestador de servizos estean recoñecidos en virtude dun acordo bilateral ou multilateral entre a Comunidade Europea e terceiros países ou organizacións internacionais.

### CAPÍTULO III

#### **Condicións esixibles ós prestadores de servizos de certificación**

##### Artigo 11. *Obrigas dos prestadores de servizos de certificación.*

Tódolos prestadores de servizos de certificación deben cumprilas seguintes obrigas:

a) Comprobar por si ou por medio dunha persoa física ou xurídica que actúe en nome e por conta seus, a identidade e calquera circunstancia persoal dos solicitantes dos certificados relevantes para o fin propio destes, utilizando calquera dos medios admitidos en dereito. Exceptúanse desta obriga os prestadores de servizos de certificación que, expedindo certificados que non teñan a consideración de recoñecidos, se limiten a cons-

tatar determinadas circunstancias específicas dos solicitantes daqueles.

b) Pór á disposición do signatario os dispositivos de creación e de verificación de sinatura electrónica.

c) Non almacenar nin copia-los datos de creación de sinatura da persoa á que prestasen os seus servizos, salvo que esta o solicite.

d) Informar, antes da emisión dun certificado, a persoa que solicite os seus servizos, do seu prezo, das condicións precisas para a utilización do certificado, das súas limitacións de uso e da forma en que garante a súa posible responsabilidade patrimonial.

e) Manter un rexistro de certificados, no que quedará constancia dos emitidos e figurarán as circunstancias que afecten á suspensión ou perda de vixencia dos seus efectos. A ese rexistro poderá accederse por medios telemáticos e o seu contido estará á disposición das persoas que o soliciten, cando así o autorice o signatario.

f) No caso de cesar na súa actividade, os prestadores de servizos de certificación deberán comunicalo coa antelación indicada na alínea 1 do artigo 13, ós titulares dos certificados por eles emitidos e, se estivesen inscritos nel, ó Rexistro de Prestadores de Servizos do Ministerio de Xustiza.

g) Solicita-la inscrición no Rexistro de Prestadores de Servizos de Certificación.

h) Cumprilas demais normas previstas, respecto deles, neste real decreto lei e nas súas normas de desenvolvemento.

##### Artigo 12. *Obrigas esixibles ós prestadores de servizos de certificación que expidan certificados recoñecidos.*

Ademais de cumpriren as obrigas establecidas nos artigos 7 e 11, os prestadores de servizos de certificación que expidan certificados recoñecidos deben cumprilas seguintes:

a) Indica-la data e a hora nas que se expediu ou se deixou sen efecto un certificado.

b) Demostra-la fiabilidade necesaria dos seus servizos.

c) Garanti-la rapidez e a seguridade na prestación do servizo. En concreto, deberán permiti-la utilización dun servizo rápido e seguro de consulta do Rexistro de certificados emitidos e deberán asegura-la extinción ou suspensión da eficacia destes de forma segura e inmediata.

d) Empregar persoal cualificado e coa experiencia necesaria para a prestación dos servizos ofrecidos, no ámbito da sinatura electrónica e os procedementos de seguridade e de xestión adecuados.

e) Utilizar sistemas e produtos fiables que estean protexidos contra toda alteración e que garantan a seguridade técnica e, se é o caso, criptográfica dos procesos de certificación ós que serven de soporte.

f) Tomar medidas contra a falsificación de certificados e, no caso de que o prestador de servizos de certificación xere datos de creación de sinatura, garanti-la súa confidencialidade durante o proceso de xeración.

g) Dispor dos recursos económicos suficientes para operar de conformidade co disposto neste decreto lei e, en particular, para afrontar-lo risco da responsabilidade por danos e perdas. Para iso, deberán garanti-la súa responsabilidade fronte ós usuarios dos seus servizos e terceiros afectados por estes. A garantía que hai que constituír poderá consistir nun afianzamento mercantil prestado por unha entidade de crédito ou nun seguro de caución.

Inicialmente, a garantía cubrirá, polo menos, o 4 por 100 da suma dos importes límite das transaccións en que poida empregarse o conxunto dos certificados que

emita cada prestador de servicios de certificación. Tendo en conta a evolución do mercado, o Goberno, por real decreto, poderá reduci-la citada porcentaxe ata o 2 por 100.

En caso de que non se limite o importe das transaccións nas que se poida empregarlo conxunto dos certificados que emita o prestador de servicios de certificación, a garantía que hai que constituír cubrirá, polo menos, a súa responsabilidade por un importe de 1.000.000.000 de pesetas (6.010.121,04 euros). O Goberno, por real decreto, poderá modifica-lo referido importe.

h) Conservar rexistrada toda a información e documentación relativa a un certificado recoñecido durante quince anos. Esta actividade de rexistro poderá realizarse por medios electrónicos.

i) Antes de expedir un certificado, informa-lo solicitante sobre o prezo e as condicións precisas de utilización do certificado. A dita información deberá incluír posibles límites de uso, a acreditación do prestador de servicios e os procedementos de reclamación e de resolución de litixios previstos nas leis e deberá ser facilmente comprensible. Estará tamén á disposición de terceiros interesados e incorporarase a un documento que se lle entregará a quen o solicite. Para comunicar esta información, poderán utilizarse medios electrónicos se o signatario ou os terceiros interesados o admiten.

j) Utilizar sistemas fiables para almacenar certificados, de modo tal que:

1. Só persoas autorizadas poidan consultalos, se estes unicamente están dispoñibles para verificación de sinaturas electrónicas.

2. Unicamente persoas autorizadas poidan facer neles anotacións e modificacións.

3. Poida comprobarse a autenticidade da información.

4. O signatario ou a persoa autorizada para acceder ós certificados poida detectar tódolos cambios técnicos que afecten ós requisitos de seguridade mencionados.

k) Informar a calquera usuario dos seus servicios dos criterios que se comprometen a seguir, respectando este real decreto lei e as súas disposicións de desenvolvemento, no exercicio da súa actividade.

### Artigo 13. *Cesamento da actividade.*

1. O prestador de servicios de certificación que vaia cesar na súa actividade deberá comunicarlle ós titulares dos certificados expedidos por el e transferir, co seu consentimento expreso, os que sigan sendo válidos na data en que o cesamento se produza a outro prestador de servicios que os asuma ou deixalos sen efecto. A citada comunicación levarase a cabo cunha antelación mínima de dous meses ó cesamento efectivo da actividade.

2. Se o prestador de servicios estiver inscrito no Rexistro de Prestadores de Servicios de Certificación do Ministerio de Xustiza, deberá comunicar a este, coa antelación indicada na alínea anterior, o cesamento da súa actividade, e o destino que lles vaia dar ós certificados especificando, se é o caso, se os vai transferir e a quen ou se os deixará sen efecto. Igualmente, indicará calquera outra circunstancia relevante, que poida impedi-la continuación da súa actividade. En especial, deberá comunicar, en canto teña coñecemento diso, a apertura dun procedemento de quebra ou suspensión de pagamentos respecto del.

3. A inscrición do prestador de servicios de certificación no Rexistro de Prestadores de Servicios de Certificación será cancelada, de oficio, polo Ministerio de

Xustiza, cando aquel cese na súa actividade. O Ministerio de Xustiza farase cargo da información relativa ós certificados que se deixasen sen efecto polo prestador de servicios de certificación, para efectos do previsto no artigo 12.h).

### Artigo 14. *Responsabilidade dos prestadores de servicios de certificación.*

1. Os prestadores de servicios de certificación responderán polos danos e perdas que causen a calquera persoa, no exercicio da súa actividade, cando incumpran as obrigas que lles impón este real decreto lei ou actúen con negligencia. En todo caso, corresponderalle ó prestador de servicios demostrar que actuou coa debida dilixencia.

2. O prestador de servicios de certificación só responderá dos danos e perdas causados polo uso indebido do certificado recoñecido, cando non consignase nel, de forma claramente recoñecible por terceiros, o límite en canto ó seu posible uso ou ó importe do valor das transaccións válidas que poden realizarse empregándoo.

3. A responsabilidade será esixible conforme as normas xerais sobre a culpa contractual ou extracontractual, segundo proceda, coas especialidades previstas neste artigo. Cando a garantía que, se é o caso, constituísen os prestadores de servicios de certificación non sexa suficiente para satisfacer a indemnización debida, responderán da débeda, con tódolos seus bens presentes e futuros.

4. O disposto neste artigo enténdese sen prexuízo do establecido na lexislación sobre protección dos consumidores e usuarios.

### Artigo 15. *Protección dos datos persoais.*

1. O tratamento dos datos persoais que precisen os prestadores de servicios de certificación para o desenvolvemento da súa actividade e o que se realice no Rexistro de Prestadores de Servicios de Certificación a que se refire este real decreto lei suxéitanse ó disposto na Lei orgánica 5/1992, do 29 de outubro, de regulación do tratamento automatizado dos datos de carácter persoal, e nas disposicións dictadas no seu desenvolvemento. O mesmo réxime será de aplicación ós datos persoais que se coñezan no órgano que, no exercicio das súas funcións, supervisa a actuación dos prestadores de servicios de certificación e o competente en materia de acreditación.

2. Os prestadores de servicios de certificación que expidan certificados ós usuarios unicamente poden solicitar datos persoais directamente dos titulares deles ou co seu consentimento explícito. Os datos requiridos serán, exclusivamente, os necesarios para a expedición e o mantemento do certificado.

3. Os prestadores de servicios de certificación que consignasen un pseudónimo no certificado, por solicitude do signatario, deberán constata-la súa verdadeira identidade e conserva-la documentación que a acredite. Tales prestadores de servicios estarán obrigados a revela-la identidade dos titulares de certificados cando o soliciten os órganos xudiciais no exercicio das funcións que teñen atribuídas e nos demais supostos previstos no artigo 11.2 da Lei orgánica 5/1992, do 29 de outubro. Iso enténdese sen prexuízo do que, na lexislación específica en materia tributaria, de defensa da competencia e de seguridade pública, se dispoña sobre a identificación das persoas.

En todo caso, haberá que se ater ó previsto nas normas sobre protección de datos indicadas na alínea 1 deste artigo.

## CAPÍTULO IV

### Inspección e control da actividade dos prestadores de servicios de certificación

#### Artigo 16. *Supervisión e control.*

1. O Ministerio de Fomento controlará, a través da Secretaría Xeral de Comunicacions, o cumprimento, polos prestadores de servicios de certificación que expidan ó público certificados recoñecidos, das obrigas establecidas neste real decreto lei e nas súas disposicións de desenvolvemento. Así mesmo, vixiará o cumprimento, polos prestadores de servicios de certificación que non expidan certificados recoñecidos, das obrigas establecidas no artigo 11.

2. No exercicio da súa actividade de control, a Secretaría Xeral de Comunicacions actuará de oficio, mediante petición razoada do Ministerio de Xustiza ou doutros órganos administrativos ou por instancia de persoa interesada. Os funcionarios da Secretaría Xeral de Comunicacions adscritos á Inspección das Telecomunicacions, para efectos de cumprilas tarefas de control, terán a consideración de autoridade pública.

3. Cando, como consecuencia dunha actuación inspectora, se tivese constancia da contravención no tratamento de datos, do disposto no artigo 11.c), a Secretaría Xeral de Comunicacions porá o feito en coñecemento da Axencia de Protección de Datos. Esta poderá, de conformidade coa Lei orgánica 5/1992, iniciar o oportuno procedemento sancionador, conforme a lexislación que regula a súa actividade.

#### Artigo 17. *Deber de colaboración.*

Os prestadores de servicios de certificación teñen a obriga de lle facilitar á Secretaría Xeral de Comunicacions toda a información e os medios precisos para o exercicio das súas funcións e a de lles permitir ós seus axentes ou ó persoal inspector o acceso ás súas instalacións e a consulta de calquera documentación relevante para a inspección de que se trate, referida sempre a datos que concirnan ó prestador de servicios.

#### Artigo 18. *Resolucións do órgano de supervisión.*

A Secretaría Xeral de Comunicacions poderalles ordenar ós prestadores de servicios de certificación a adopción das medidas apropiadas para lles esixir que cumpran este real decreto lei e as súas disposicións de desenvolvemento.

## TÍTULO III

### Os dispositivos de sinatura electrónica e a avaliación da súa conformidade coa normativa aplicable

#### CAPÍTULO ÚNICO

### Os dispositivos de sinatura electrónica e a avaliación da súa conformidade coa normativa aplicable

#### Artigo 19. *Dispositivos seguros de creación de sinatura electrónica.*

Para efectos do artigo 2.f), para que se entenda que o dispositivo de creación dunha sinatura electrónica é seguro, esíxese:

1.º Que garanta que os datos utilizados para a xeración de sinatura poidan producirse só unha vez e que asegure, razoablemente, o seu segredo.

2.º Que exista seguridade razoable de que tales datos non poidan ser derivados dos de verificación de sinatura ou da propia sinatura e de que a sinatura non poida ser falsificada coa tecnoloxía existente en cada momento.

3.º Que os datos de creación de sinatura poidan ser protexidos fiablemente polo signatario contra a utilización por outros.

4.º Que o dispositivo utilizado non altere os datos ou o documento que deba asinarse nin impida que este se lle mostre ó signatario antes do proceso de sinatura.

#### Artigo 20. *Normas técnicas.*

1. Presumirase que os produtos de sinatura electrónica que se axusten ás normas técnicas das que os números de referencia fosen publicados no «Diario Oficial das Comunidades Europeas» son conformes co previsto na letra e) do artigo 12 e no artigo 19.

2. Sen prexuízo desta presunción, os números de referencia desas normas publicaranse no «Boletín Oficial del Estado».

#### Artigo 21. *Avaliación da conformidade coa normativa aplicable dos dispositivos seguros de creación de sinatura electrónica.*

1. Os órganos de certificación ós que se refire o artigo 6 poderán certificar os dispositivos seguros de creación de sinatura electrónica, unha vez valorados os informes técnicos emitidos sobre eles, por entidades de avaliación acreditadas.

Na avaliación do cumprimento dos requisitos previstos no artigo 19, as entidades de avaliación poderán aplicar as normas técnicas respecto dos produtos de sinatura electrónica ás que se refire o artigo anterior ou outras que determinen os órganos de acreditación e de certificación, e das cales as referencias se publiquen no «Boletín Oficial del Estado».

2. Recoñeceráselles eficacia ós certificados sobre dispositivos seguros de creación de sinatura que fosen expedidos polos organismos designados para iso polos Estados membros da Unión Europea, cando poñan de manifesto que tales dispositivos cumpren os requisitos contidos na normativa comunitaria sobre sinatura electrónica.

#### Artigo 22. *Dispositivos de verificación de sinatura.*

1. Os dispositivos de verificación de sinatura electrónica avanzada deben garantir o seguinte:

1. Que a sinatura se verifica de forma fiable e o resultado desa verificación figura correctamente.

2. Que o verificador pode, en caso necesario, establecer de forma fiable o contido dos datos asinados e detectar se foron modificados.

3. Que figura correctamente a identidade do signatario ou, se é o caso, consta claramente a utilización dun pseudónimo.

4. Que se verifica de forma fiable o certificado.

5. Que pode detectarse calquera cambio relativo á súa seguridade.

2. O real decreto ó que se refire o artigo 6 poderá establecer os termos nos que as entidades de avaliación e os órganos de certificación poderán avaliar e certificar, respectivamente, o cumprimento, polos dispositivos de verificación de sinatura electrónica avanzada, dos requisitos establecidos neste artigo.

## TÍTULO IV

### Taxa polo recoñecemento de acreditacións e certificacións

#### CAPÍTULO ÚNICO

### Taxa polo recoñecemento de acreditacións e certificacións

#### Artigo 23. *Réxime aplicable á taxa.*

1. A xestión precisa para o recoñecemento das acreditacións e das certificacións conforme os artigos 6, 21 e 22, polos órganos públicos competentes, grávase cunha taxa, á que se aplicará o seguinte réxime:

a) Constitúe o feito impositivo o recoñecemento polos ditos órganos da acreditación dos prestadores de servizos ou da certificación dos dispositivos de creación ou de verificación de sinatura a que se refiren os artigos 6, 21 e 22.

b) É suxeito pasivo a persoa natural ou xurídica que se beneficie do recoñecemento da correspondente acreditación ou certificación.

c) A súa cota é de 47.500 pesetas (285,48 euros) por cada acreditación ou certificación recoñecida. Esta cantidade poderá ser actualizada por real decreto.

d) Adquirirase o dereito á percepción cando se presente a solicitude de recoñecemento da correspondente acreditación ou certificación.

2. A forma de liquidación da taxa establecerase regulamentariamente.

## TÍTULO V

### Infraccións e sancións

#### CAPÍTULO ÚNICO

### Infraccións e sancións

#### Artigo 24. *Clasificación das infraccións.*

As infraccións das normas reguladoras da sinatura electrónica e os servizos de certificación clasifícanse en moi graves, graves e leves.

#### Artigo 25. *Infraccións.*

1. Son infraccións moi graves:

a) O incumprimento polos prestadores de servizos de certificación que expidan certificados recoñecidos das obrigas establecidas en calquera das letras do artigo 11, salvo a c), a g) e a h).

b) O incumprimento polos prestadores de servizos de certificación que expidan certificados recoñecidos das obrigas impostas nas letras c) á j) do artigo 12, sempre que se causen danos graves ós usuarios ou a terceiros ou se afecte gravemente á seguridade dos servizos de certificación.

c) O incumprimento grave e reiterado polos prestadores de servizos de certificación das resolucións dadas pola Secretaría Xeral de Comunicacións, para asegurar-lo respecto a este real decreto lei.

2. Son infraccións graves:

a) O incumprimento polos prestadores de servizos de certificación que non expidan certificados recoñeci-

dos, das obrigas impostas en calquera das letras do artigo 11, salvo a c), a g) e a h), sempre que se causen danos graves ós usuarios ou a terceiros ou se afecte gravemente á seguridade dos servizos de certificación.

b) O incumprimento polos prestadores de servizos de certificación que expidan certificados recoñecidos das obrigas previstas nas letras a), b), e k) do artigo 12.

c) O incumprimento polos prestadores de servizos de certificación que expidan certificados recoñecidos das obrigas recollidas nas letras c) á j) do artigo 12, cando non concorran as circunstancias previstas na alínea 1.b) deste artigo.

d) A falta de comunicación polo prestador de servizos de certificación ó Ministerio de Xustiza, nos prazos previstos no artigo 13, do cesamento da súa actividade ou da iniciación, respecto del, dun procedemento de suspensión de pagamentos ou de quebra.

e) A resistencia, escusa ou negativa á actuación inspectora dos órganos facultados para levala a cabo, conforme este real decreto lei.

f) O incumprimento das resolucións dadas pola Secretaría Xeral de Comunicacións para asegurar que o prestador de servizos de certificación se axuste a este real decreto lei, cando non deba considerarse como infracción moi grave, conforme a alínea 1.c) deste artigo.

3. Son infraccións leves:

a) O incumprimento polos prestadores de servizos de certificación que non expidan certificados recoñecidos das obrigas establecidas en calquera das letras do artigo 11, excepto a c), cando non deba considerarse como infracción grave, de acordo co previsto na alínea 2.a) deste artigo.

b) A expedición de certificados recoñecidos que incumpran algún dos requisitos establecidos no artigo 8.

c) Non facilita-los datos requiridos, no ámbito das súas respectivas funcións, polo Ministerio de Xustiza ou a Secretaría Xeral de Comunicacións para comproba-lo cumprimento deste real decreto lei polos prestadores de servizos de certificación.

d) Calquera outro incumprimento das obrigas impostas ós prestadores de servizos de certificación por este real decreto lei, salvo o da recollida no artigo 11.c) ou que deba ser considerado como infracción grave ou moi grave, de acordo co disposto nas alíneas anteriores.

#### Artigo 26. *Sancións.*

1. Pola comisión de infraccións recollidas no artigo anterior, imponense as seguintes sancións:

a) Pola comisión de infraccións moi graves, impórsele ó infractor multa por importe non inferior ó tanto, nin superior ó quintuplo, do beneficio bruto obtido como consecuencia dos actos ou omisións en que consista a infracción ou, en caso de que non resulte posible aplicar este criterio ou da súa aplicación resultar unha cantidade inferior á maior das que a continuación se indican, esta última constituirá o límite do importe da sanción pecuniaria. Para estes efectos, consideraranse as seguintes cantidades: o 1 por 100 dos ingresos brutos anuais obtidos pola entidade infractora no último exercicio ou, en caso de inexistencia destes, no exercicio actual; o 5 por 100 dos fondos totais, propios ou alleos, utilizados para a comisión da infracción ou 100.000.000 de pesetas (601.012,10 euros).

A reiteración de dúas ou máis infraccións moi graves, no prazo de cinco anos, poderá dar lugar, en función das súas circunstancias, á sanción de prohibición de actuación en España durante un prazo máximo de dous anos. Cando a resolución de imposición desta sanción sexa firme, será comunicada ó Rexistro de Prestadores

de Servicios de Certificación para que cancele a inscrición do prestador de servicios sancionado.

b) Pola comisión de infraccións graves, imporáselle ó infractor multa por importe de ata o duplo do beneficio bruto obtido como consecuencia dos actos ou omisións que constitúan aquelas ou, en caso de que non resulte aplicable este criterio ou da súa aplicación resultar unha cantidade inferior á maior das que a continuación se indican, esta última constituirá o límite do importe da sanción pecuniaria. Para estes efectos, consideraranse as seguintes cantidades: o 0,5 por 100 dos ingresos brutos anuais obtidos pola entidade infractora no último exercicio ou, en caso de inexistencia destes, no exercicio actual; o 2 por 100 dos fondos totais, propios ou alleos, utilizados para a comisión da infracción ou 50.000.000 de pesetas (300.506,04 euros).

c) Pola comisión de infraccións leves, imporáselle ó infractor unha multa por importe de ata 2.000.000 de pesetas (12.020,23 euros).

2. As infraccións graves e moi graves poderán levar aparellada a publicación da resolución sancionadora no «Boletín Oficial del Estado» e en dous periódicos de difusión nacional, unha vez que aquela teña carácter firme.

3. A contía das multas que se impoñan, dentro dos límites indicados, graduarase tendo en conta, ademais do previsto no artigo 131.3 da Lei 30/1992, o seguinte:

a) A gravidade das infraccións cometidas anteriormente polo suxeito que se sanciona.

b) A repercusión social das infraccións.

c) O dano causado, sempre que non fose tomado en consideración para cualifica-la infracción como leve, grave ou moi grave.

d) O beneficio que reportase ó infractor o feito obxecto da infracción.

4. Anotaranse no Rexistro de Prestadores de Servicios de Certificación as sancións impostas por resolución firme a estes pola comisión de calquera infracción grave ou moi grave. As notas relativas ás sancións cancelaranse unha vez transcorridos os prazos de prescrición das sancións administrativas previstos na Lei reguladora do procedemento administrativo común.

5. As contías sinaladas neste artigo serán actualizadas periodicamente polo Goberno, mediante real decreto, tendo en conta a variación dos índices de prezos ó consumo.

#### Artigo 27. *Medidas cautelares.*

Nos procedementos sancionadores por infraccións graves ou moi graves poderanse adoptar, conforme a Lei 30/1992, do 26 de novembro, as medidas cautelares que se estimen necesarias para asegura-la eficacia da resolución que definitivamente se dicte. Estas medidas poderán consistir na orde de cesamento temporal da actividade do prestador de servicios de certificación, na suspensión da vixencia dos certificados por el expedidos ou na adopción doutras cautelas que se coiden precisas. En todo caso, respectarase o principio de proporcionalidade da medida que se vai adoptar cos obxectivos que se pretendan alcanzar en cada suposto.

#### Artigo 28. *Procedemento sancionador.*

1. O exercicio da potestade sancionadora atribuída por este real decreto lei corresponde á Secretaría Xeral de Comunicacións do Ministerio de Fomento. Para iso, a Secretaría Xeral de Comunicacións suxeitarase ó procedemento aplicable, con carácter xeral, ó exercicio da potestade sancionadora polas Administracións públicas.

2. O Ministerio de Xustiza e os demais órganos que exercen competencias conforme este real decreto lei e as súas normas de desenvolvemento poderán instar-la incoación dun procedemento sancionador, mediante petición razoada dirixida á Secretaría Xeral de Comunicacións.

Disposición adicional única. *Posibilidade de emisión polas entidades públicas de radiodifusión dunha Comunidade Autónoma no territorio doutras coas que aquela teña espazos radioeléctricos lindantes.*

As entidades autonómicas habilitadas, conforme a lei, para presta-lo servicio de radiodifusión dixital terreal, poderán emitir no territorio doutras Comunidades Autónomas coas que aquela teña espazos radioeléctricos lindantes. Para iso, será preciso que exista acordo entre as Comunidades Autónomas afectadas e que, en cada territorio, se empreguen os bloques de frecuencias planificados no Plan Técnico Nacional de Radiodifusión Sonora Dixital Terreal, para o ámbito autonómico.

Disposición transitoria única. *Prestadores de servicios de certificación establecidos en España antes da entrada en vigor deste real decreto lei.*

Os prestadores de servicios de certificación xa establecidos en España e a actividade dos cales se rexa por unha normativa específica terán que se adaptar a este real decreto lei no prazo dun ano desde a súa entrada en vigor. Non obstante conservarán a súa validez os certificados xa expedidos que producen efectos.

Disposición derradeira primeira. *Fundamento constitucional.*

Este real decreto lei dítase ó abeiro do artigo 149.1.8.<sup>a</sup>, 18.<sup>a</sup> e 21.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúe competencia exclusiva ó Estado en materia de lexislación civil, de bases do réxime xurídico das Administracións públicas e de telecomunicacións.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación ó Goberno.*

Habílase o Goberno para desenvolver, mediante regulamento, o previsto neste real decreto lei.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Estes real decreto lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 17 de setembro de 1999.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

**19686** REAL DECRETO LEI 15/1999, do 1 de outubro, polo que se aproban medidas de liberalización, reforma estrutural e incremento da competencia no sector de hidrocarburos. («BOE» 236, do 2-10-1999, y «BOE» 242, do 9-10-1999.)

As reformas de carácter estrutural estimulan a competencia nos mercados de bens, servicios e factores productivos e contribúen á estabilidade da economía